

Unha aventura conxunta...

Coñece máis sobre o programa Apego no web [www.apego.gal](http://www.apego.gal) ou na páxina de facebook Apego.gal



Se estades a agardar un bebé..., parabéns!, podedes achegarvos polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames para inscribivos no proxecto Apego e recibirdes os agasallos de benvida! :-)

Se tedes fillas ou fillos de ata 6 anos tamén podedes dirixiros ao Servizo de Normalización Lingüística para inscribivos no programa Apego e así recibirdes información sobre todas as actividades e recursos.



+info:

Servizo de Normalización Lingüística  
Concello de Ames  
Pazo da Peregrina (Bertamiráns)  
662 377 215  
[normalizacion@concellodeames.gal](mailto:normalizacion@concellodeames.gal)  
[www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)



Servizo de Normalización Lingüística



[www.apego.gal](http://www.apego.gal)

## Decembro

### Contacontos na biblioteca

#### • Un día de cine

Proxección de álbums ilustrados



Mércores 13. Biblioteca de Bertamiráns  
Xoves 14. Biblioteca do Milladoiro

De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.  
Todos os contos comezan ás 18.00 h. + INFO: Biblioteca

### Canta música!

Pablo Díaz



Martes 26, ás 17.00 h  
Casa da Cultura do Milladoiro

*Canta música* é un espectáculo para bailar, xogar e cantar no que os e as asistentes participarán de forma activa acompañados pola voz e instrumentos de Pablo Díaz e Olga Kirk.

Familias con nenos/as de 4-11 anos (40 prazas por orde de inscrición).  
Inscrición previa do 18 ao 22 de decembro no teléfono 981 535 940. + INFO: Cultura

### Percubebé



Mércores 27, ás 17.00 h e ás 18.00 h  
Casa da Cultura de Bertamiráns

*Percubebé* é un espectáculo musical no que descubriremos o mundo das percusións e da arpa. Xogos cos diferentes timbres dos instrumentos, cantos, bailes e danzas na procura de alimentar o ritmo que levamos dentro para axudar a desenvolver a capacidade neuronal, a psicomotricidade e a coordinación.

Familias con nenos/as de 0-4 anos (30 familias por orde de inscrición en cada sesión). Inscrición previa do 18 ao 22 de decembro no teléfono 981 535 940. + INFO: Cultura

### O paxaro amigo. Músicas para a paz

Mamá Cabra



Xoves 28, ás 17.00 h  
Casa da Cultura do Milladoiro

Carmen Gil e Mamá Cabra únense para contar e cantar unha divertida historia de Discordia, a bruxa que é feliz destruindo a paz.

A partir dos 3 anos. + INFO: Cultura

### Cantas de Nadal

Se queres recibir resposta dos magos do Nadal, deixa a túa carta nas caixas de correo situadas nos locais municipais e nos coles antes do 3 de xaneiro. Haberá premios especiais para as máis creativas.

#### INFORMACIÓN ACTIVIDADES

##### Concello de Ames

Praza do Concello 2  
T: 981 883 002

##### Cultura

Casa da Cultura do Milladoiro  
[cultura.milladoiro@concellodeames.gal](mailto:cultura.milladoiro@concellodeames.gal)  
T: 981 535 940

##### Biblioteca

[biblioteca@concellodeames.gal](mailto:biblioteca@concellodeames.gal)  
T: 981 530 807 (O Milladoiro)  
981 884 829 (Bertamiráns)

##### Servizo de Normalización Lingüística

[normalizacion@concellodeames.gal](mailto:normalizacion@concellodeames.gal)  
T: 662 377 215

##### Aula da Natureza

[auladanatureza@concellodeames.gal](mailto:auladanatureza@concellodeames.gal)  
T: 660 004 665

##### A billeteira


[abilleteira@concellodeames.gal](mailto:abilleteira@concellodeames.gal)

## Programación infantil con

# apego

Ames 2017

A miña nova pelexarona  
havia de mandar á escola



heille de comprar un tempo  
así unhas castañelas.

# Outubro

## Outono

### Pista Catro



**Venres 6, ás 18.00 h**

Casa da Cultura do Milladoiro

Un espectáculo de teatro-circo con música en directo, que nos conta a viaxe de catro artistas ao seu pasado, unha celebración da amizade e dos fracasos, unha reivindicación de ser idiotas. Un reencontro cheo de emocións e humor.

**A partir de 5 anos. Entradas: A billeiteira.**  
+ INFO: Cultura

## Ciencia divertida

**6 a 14 anos (5 sesións):** sábados 7 e 14 de outubro, 4 e 11 de novembro e 2 de decembro, ás 16:30 h.

Aula da Natureza

**3 a 6 anos (1 sesión):** sábado 28 de outubro, ás 11.30 h.

Casa da Cultura de Bertamiráns



Obradoiros manipulativos nos que a rapazada se achega de forma divertida ao mundo científico a través de experimentos xogos, charlas, vídeos...

**Inscripción previa.** + INFO: Aula da Natureza

## Tardes de contos

Fabaloba



**Luns 9, 16, 23 e 30, ás 18.00 h**

Casa da Cultura do Milladoiro (Luns 9 e 23)  
Pazo da Peregrina de Bertamiráns (Luns 16 e 30)

Contos para mellorar a comunicación e a relación coas crianzas, contos para afrontar despedidas ou benvidas, contos para deixar o cueiro, contos para unha alimentación e unha vida saudable... contos para gozar e para irmos tecendo o club dos contos con Apego.

**Familias con crianzas de 0 a 6 anos (prazas limitadas).**  
Inscripción previa do 2 ao 9 de outubro. +INFO: SNL

## Contacontos na biblioteca

• **Cartas que veñen e van**

Contos sobre cartas e carteiros/as

**Martes 10.** Biblioteca do Milladoiro

**Mércores 11.** Biblioteca de Bertamiráns



• **Eu son así.** O valor da diversidade.

**Mércores 25.** Biblioteca do Milladoiro

**Xoves 26.** Biblioteca de Bertamiráns

**De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.**

**Todos os contos comezan ás 18.00 h. + INFO: Biblioteca**

## Obradoiro Ali de recursos para a educación infantil



**Sábado 21, ás 10.00 h**

Pazo da Peregrina de Bertamiráns

Achegarémonos a ferramentas modernas, atractivas e divertidas para aprendermos xogando, cantando, bailando, falando, contando...

**Profesionais de educación infantil de 0 a 6 anos (prazas limitadas).** Inscripción previa do 9 ao 18 de outubro. +INFO: SNL

# Novembro

## Foliada con Apego



**Venres 3, ás 18.00 h**

Pazo da Peregrina de Bertamiráns

Un encontro para coñecerse, compartir, cantar, bailar e aprender cancións galegas.

**Familias con nenos e nenas sen límite de idade.**  
Inscripción do 23 ao 2 de novembro.  
+ INFO: SNL

## Contacontos na biblioteca

• **Unha sesión chea de lobos**

Contos para rachar cos estereotipos sobre os lobos

**Mércores 8.** Biblioteca de Bertamiráns

**Xoves 9.** Biblioteca do Milladoiro



• **Mascotas**

Contos divertidos sobre os animais de compañía

**Mércores 22.**


Biblioteca do Milladoiro  
**Xoves 23.** Biblioteca de Bertamiráns

**De 3 a 8 anos. Entrada libre e de balde.**  
Todos os contos comezan ás 18.00 h.  
+INFO: Biblioteca

## Poesía para tirar o medo

**Sábado 11, ás 11:00 h e ás 12:00 h**

Auditorio do Milladoiro



Obradoiro poético de María Canosa baseado no Libro dos medos (Ed Bolanda).

Descubriremos fórmulas para superar os medos dos cativos e cativas que asistan (escuridade, treboadas, arañas, soidade...)

**Familias con nenos/as de 0 a 6 anos.**

**Inscripción previa do 2 ao 10 de novembro. + INFO: SNL**

## Prende no colo

**Luís Prego**



**Venres 24, ás 18.00 e ás 19:00 h**

Casa da Cultura do Milladoiro

Obradoiro para aprender e practicar cantigas, cantos de berce, xogos de dedos, recitados... e iniciar as crianzas no ritmo e na melodía

**Familias con nenos/as de 0 a 3 anos.**

**Inscripción previa do 13 ao 23 de novembro. + INFO: SNL**

## Fálame moito e ben



**Xoves 30, ás 18.00 h**

Pazo da Peregrina de Bertamiráns

Charla-obradoiro a cargo de Raquel Bello, Psicóloga especialista en familia.

Achegarémonos a cuestións como a estimulación da linguaxe, a evolución comunicativa das crianzas, o proceso de adquisición da linguaxe cando conviven dous idiomas...

**Familias con nenos/as de 0 a 6 anos ou futuros papas e mamás (público adulto).**  
Inscripción previa do 20 ao 28 de novembro.  
+ INFO: SNL

